




PLAN DE ACOLLIDA

CEIP Xesús Golmar



Curso 2021-2022



ÍNDICE

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO	1
ENTRADAS AO LONGO DO CURSO	3
Horarios de entrada para os que veñen da casa. (Todo o curso).....	3
Para os que veñen no bus.....	4
SAÍDAS	4
MATERIAL	6
RECREOS.....	6
ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN.....	7
REUNIÓNS.....	8
ORIENTACIÓN	9
SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	9
ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.....	9
ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.....	11
Accións para os grupos de Educación Infantil.....	11
Accións para os grupos de Educación Primaria ata o 4º curso:.....	11
Accións para os grupos Edixgal (5º e 6 de Educación Primaria)	12
ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.....	12

PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 2021/22

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021-2022, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas achegas do profesorado do centro.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Ao inicio de curso publicarase na páxina web do centro este *Plan de Acollida* en relación á organización dos primeiros días de colexio.

- O profesorado previamente comunicárase por teléfono coas familias para presentarse e comunicar o grupo e aula na que está o seu fillo ou a súa filla.

USO DE MÁSCARA

- O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal e alumnado maior de 6 anos, tanto dentro como fóra da aula.
- Nos desprazamentos dentro do centro e no bus será obrigatoria tamén para o alumnado de infantil.
- Todo o alumnado deberá traer unha máscara de reposto que gardará nun estoxo, co nome.

ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Os grupos cos que contaremos este ano son:

EDUCACIÓN INFANTIL	4ºA	17
	4ºB	16
	4ºC	16
	5ºA	21
	5ºB	20
	5ºC	20
	6ºA	22
	6ºB	19
	6ºC	21
EDUCACIÓN PRIMARIA	1ºA	21
	1ºB	20
	1ºC	20
	1ºD	21
	2ºA	25
	2ºB	22
	2ºC	22
	3ºA	24
	3ºB	24
	3ºC	25
	4ºA	23
	4ºB	22
	4ºC	22
	5ºA	21
	5ºB	21
	5ºC	21
	5ºD	17
	6ºA	25
6ºB	25	
6ºC	24	

Cada un destes grupos será considerado un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**.

O alumnado de cada grupo pode interaccionar entre si pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables, agás no recreo que interaccionarán por niveis

Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si obriga a organizar entradas e saídas, entre outros aspectos.

IMPORTANTE:

- **Só poden acceder ao interior do centro escolar os acompañantes do alumnado de Educación Infantil.**
- **Os acompañantes do alumnado de Educación Primaria non poden acceder ao centro**, agás para os servizos administrativos, titorías ou recoller ao alumnado para acudir a citas médicas.
- Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas.
- Só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna. Será fundamental a puntualidade e a partires do 1º día, xa que agora o alumnado terá que subir directamente ás aulas.
- **Deberanse respectar os horarios de xeito exhaustivo.**

En canto o alumno/a entre ou saia, os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

ENTRADAS AO LONGO DO CURSO

- O alumnado poderá acceder ao centro e dirixirse ás súas aulas, segundo vaian chegando do transporte, da casa ou de Enrédate iranse sentando cada un na súa cadeira para dar comezo as clases.
- O alumnado transportado collerá o bus á mesma hora de sempre. Ao chegar ao centro dirixirase ás filas correspondentes marcadas no patio, agás o alumnado de EI que accederá ao salón de actos.
- Haberá profesorado de garda nos puntos estratéxicos do centro.
- Antes de entrar, en cada porta de acceso hai un dispensador de xel no que deberán facer o 1º lavado de mans e hixienizar os pés na alfombra de entrada.
- Unha vez que cheguen ás aulas, haberá outro dispensador na entrada e volverán a desinfectalas.
- As **familias** que acompañen ao **alumnado de infantil**, accederán ao centro pola cancela de educación infantil e deixarannos na entrada da porta da súa aula, respectando a liña de distancia de seguridade.
- Despois de deixar as mochilas e cazadoras e poñer o mandilón volverán, baixo a supervisión da titora que xa estará na aula, a hixienizar as mans.

Horarios de entrada para os que veñen da casa. (Todo o curso)

As entradas ao centro serán escalonadas e por diferentes portas.

- ❖ **Educación infantil** (Cancela de Educación Infantil)
 - Entrada: entre 9:00h e 9:10h.
- ❖ **Educación primaria:1º e 2º** (Cancela principal)
 - Entrada: entre 9:00h e 9:10h
- ❖ **Educación Primaria: 3ºe 4º** (Cancela de Educación Infantil)
 - Entrada: entre 8:50h e 9:00h
- ❖ **Educación Primaria: 5ºe 6º** (Cancela principal)
 - Entrada: entre 8:50h e 9:00h

É moi importante respectar este horario para evitar aglomeracións.

Horarios de entrada para os que veñen no bus. (Todo o curso)

- O alumnado transportado virá no mesmo horario de sempre. Accederá coma sempre pola cancela de transporte e colocarse na súa fila correspondente, por curso, que estará sinalizada no patio, agás o alumnado de EI que accederá directamente ao salón de actos. Usarán o dispensador de xel, desinfectará os pés na alfombra e dirixirase á súa aula onde volverá, antes de entrar, a desinfectar as mans. Haberá profesorado de garda no patio.
- Na aula estará o titor ou titora para acollelos.
- Parte da mañá dedicarse a ensaiar co alumnado as entradas, saídas, zonas de recreo, recordo das normas de hixiene, distanciamento social...
- Durante todo o mes de setembro as actividades relacionadas con estes aspectos ocuparan unha boa parte da xornada lectiva.
- Este primeiro día tamén se farán recreos máis prolongados.

SAÍDAS

Antes de saír, cada neno fará uso de novo do xel hidro alcohólico.

Para os que van no transporte.

- Ao remate da xornada escolar o alumnado transportado dirixirase ao patio e colocarse na ringleira que lle corresponda respectando o metro e medio de separación.
- Accederán á pasarela segundo vaian chegando os buses.

Para os que van ao comedor e no transporte.

- O alumnado que vai ao comedor, baixará acompañado dun mestre dirixíndose ao comedor, respectando os mesmos grupos estables que no horario lectivo. O resto do alumnado quedará na aula coa súa titora ou titor.
- O alumnado de Infantil e Primaria comerá no comedor nunha soa quenda:
Quenda: de 13:30 a 14:25

Para os que van para a casa.

- As familias e/ou os irmáns que cursen 5º e 6º con autorización, poden acceder á porta da clase correspondente para recoller aos seus irmáns e ás súas irmás de Educación Infantil.
- O resto das familias do alumnado de educación primaria esperarán, fóra do recinto, nas portas de saída correspondentes e no seguinte horario

Horarios de saída:

❖ Educación infantil:

(Cancela de EI)

➤ Saída:

- 4º Infantil: 13:30h (no período de adaptación cumpren o seu horario xa asignado).
- 5º Infantil: 13:30h.
- 6º Infantil: 13:30h.

❖ Educación primaria: 1º e 2º

(Cancela principal)

➤ Saída: 13:45



❖ Educación Primaria: 3ºe 4º

(Cancela de EI)

➤ Saída: 13:45

❖ Educación Primaria: 5ºe 6º

(Cancela principal)

➤ Saída: 13:40

O alumnado que teña irmáns (a partires do 1º día) sairá co irmán maior pola porta do irmán pequeno (por mor do sentido de circulación dos corredores)

MATERIAL

- O día 9, de inicio das clases, o alumnado de Primaria só ten que traer nunha mochila, a merenda, unha libreta, un bolígrafo/lapis, ceras de cores e unha caixa de panos desbotables que irán repoñendo ao longo do curso segundo se vaian acabando.
- O alumnado de Infantil traerá unha mochila coa merenda.

Todo o alumnado do centro virá provisto coa súa máscara correspondente e a de reposto gardada na súa mochila.

O resto do curso:

- Recordamos que en Primaria non se pode compartir material polo que é moi importante que o alumnado comprobe antes de vir ao centro que trae todo o necesario.
- A organización das aulas de infantil establecerase mediante grupos colaborativos (nunca maior de 5 membros). Contarán con material de uso individual e compartido dentro dos subgrupos estables creados pola mestra titora, e extremando as medidas de hixiene e desinfección no seu emprego.
- Os de Infantil usarán mandilón que traerán e levarán na mochila todos os días.
- O material solicitado neste curso non se poderá deixar en conserxería para logo levar ás aulas. Organizarase así:
 - Infantil: traerano os pais e/ou nais e entregaranllo ás titoras na porta da aula.
 - Alumnado de 1º a 4º: cada día o alumnado irá traendo aquel material que os titores lle vaian indicando.
- Os libros de préstamo (Fondolibros), unha vez asinada a entrega ás familias, serán custodiados na casa. Só se levarán e traerán os do trimestre correspondente.
- Nos recreos e EF poderán utilizar material compartido que se desinfectará debidamente ao remate da actividade.

RECREOS

- Haberá dúas quendas de recreo: unha para primaria e unha para infantil, en diferentes horarios.
- Dividirase o patio en diferentes espazos para cada nivel.

GARDAS DE RECREO POR NIVEIS

		EX T E R I O R	I N T E R I O R
ED. INFANTIL 12:00-12:30	3 ANOS	CORRALIÑO DE EI	AULAS DE 3 ANOS
	4 ANOS	PATIO 2 DE EP	AULAS DE 4 ANOS
	5 ANOS	PATIO 3 DE EP	AULAS DE 5 ANOS
ED. PRIMARIA 11:15-11:45	1º	ZONA 2 e 3	AULAS DE 1º
	2º	ZONA 4 e 10	AULAS DE 2º
	3º	ZONAS 9 e 10	AULAS DE 3º
ED. PRIMARIA 11:15-11:45	4º	ZONAS 5 e 6	AULAS DE 4º
	5º	ZONAS 7 e 9	AULAS DE 5º
	6º	ZONAS 6 e 8	AULAS DE 6º

ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN

Non se permite o acceso ás familias en horario de entrada, saída e recreos para evitar atoparse co persoal que se despraza polo centro.

Só se atenderá de xeito presencial, solicitando cita previamente.

Para calquera dúbida pódense peñer en contacto a través do teléfono 886151272 ou do correo electrónico ceip.xesus.golmar@edu.xunta.gal.

Tamén poden empregar estas vías para calquera dúbida, consulta e/ou suxestión.

REUNIONES

CALENDARIO DE REUNIONES COAS FAMILIAS PARA O CURSO 2020-2021

REUNIÓN COAS FAMILIAS DE ED. INFANTIL			
GRUPO	DÍA	HORA	LUGAR
4º ED. INFANTIL A/B/C	6/09/20	16:30	SALÓN DE ACTOS
5º ED. INFANTIL A	8/09/20	12:30	AULA
5º ED. INFANTIL B	8/09/20	12:30	AULA
5º ED. INFANTIL C	8/09/20	12:30	AULA
6º ED. INFANTIL A	8/09/20	12:30	AULA
6º ED. INFANTIL B	8/09/20	12:30	AULA
6º ED. INFANTIL C	8/09/20	12:30	AULA

REUNIÓN COAS FAMILIAS DE ED. PRIMARIA			
GRUPO	DÍA	HORA	AULA
1º A/B/C/D	8/09/20	10:00	Aulas de 1º
2º A/B/C	14/09/20	15:30	Aulas de 2º
3º A/B/C	14/09/20	20:00	Aulas 3º
4º A/B/C	13/09/20	17:00	Aulas 4º
5º A/B/C/D	9/09/20	11:00	Salón de Actos
6º A/B/C	9/09/20	12:00	Salón de Actos

ORIENTACIÓN

Para evitar as visitas presenciais atenderase por teléfono todo o que se poida resolver a través deste medio.

Se ten que ser presencial, hai que solicitar cita previa.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A ANPA mantén o servizo de conciliación familiar “Enrédate” e, de momento, non saben se realizarán actividades extraescolares.

ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

Corresponde ao Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro. Serán as mesmas do curso pasado.

Deberemos comprometermos á realización diaria da autoenquisa clínica tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio). Non hai que enviala ao centro.

As familias entregarán no centro unha declaración responsable asinada por ambos proxenitores, tal como se establece no Protocolo da Xunta.

ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus.

De presentar calquera deste síntomas non se mandará ao alumno ou alumna ao colexio, solicitarase consulta no seu centro de saúde e comunicarse a falta de asistencia ao teléfono do colexio.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- Uso de máscara é obrigatorio para todos os maiores de 6 anos.
- Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias hixienizárase as mans con hidroxel, limparase os pés nas alfombras hixienizantes e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible.
- En Educación infantil usarase preferiblemente auga e xabón.
- Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:
 - Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
 - Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
 - Recordar o emprego axeitado das máscaras: como poñelas e quitas, onde se gardan, ...
 - Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.
 - Realizar actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada .
 - Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.

ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

Accións para os grupos de Educación Infantil

As tarefas propostas serán a través da páxina web do centro. O alumnado precisará axuda das familias para acceder a ditas tarefas.

Accións para os grupos de Educación Primaria:

Ao inicio de curso dedicaranse varias sesións co alumnado para a familiarización da aula virtual, tanto no acceso como no funcionamento.

Cando comecen as clases serán os propios nenos/as os que se matriculen en cada curso seguindo as instrucións do titor/a e o asesor Edixgal do centro. Cada alumno/a terá o seu propio usuario e contrasinal.

Dedicarase un tempo a explicar a privacidade dos contrasinais e o uso seguro das mesmas.

Os cursos da aula virtual xa están creados seguindo todos unha mesma estrutura para facilitarlle ás familias o seu manexo.

Empregarase a Aula Virtual no ensino presencial algún día á semana con tarefas diversas para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia.

Tamén se establecerán pautas comúns cara o alumnado para a utilización deste espazo: como identificar os arquivos a enviar, prazos de entrega, medios válidos de arquivos, etcétera.

A realización destas xornadas correrán a cargo dos titores en colaboración co coordinador TIC do centro.

Para o resto da comunidade educativa estarán accesibles os vídeo titoriais sobre a aula virtual.

No caso de que a carencia sexa de equipamento, o centro procederá ao préstamo na medida do posible e se o problema fose de conectividade, procederíase a solicitar a colaboración da Consellería e do Concello.

Accións para os grupos Edixgal (5º e 6º de Educación Primaria)

En 6º continuarán coas credenciais do curso anterior.

En 5º asignaráselle os ordenadores e as credenciais o antes posible e empezar a traballar cos PC's.

Nas 4 aulas de 5º e nas 3 aulas de 6º estarán os carros de carga. O alumnado que leve ordenador para a casa , despois da autorización firmada dos proxenitores, comprometerase a que veña cargado do domicilio.

ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

É o departamento de Orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso dirixidas polos titores ou titoras de cada un dos grupos estables de convivencia.

Este programa será difundido entre a comunidade educativa a través das canles habituais.

MOITO ÁNIMO E SENTIDIÑO!!